



Paula Carballeira: “Quixen darlles voz aos personaxes dos contos, aos que normalmente non escoitamos”

[Montse Dopico](#) 30 de decembro de 2018

<https://praza.gal/cultura/paula-carballeira-quixen-darlles-voz-aos-personaxes-dos-contos-aos-que-normalmente-non-escoitamos>

Adoptar a perspectiva das personaxes, e non do narrador. E, sobre todo, daqueles personaxes dos que o a voz narradora só nos deixou ver o que lle conviña. Esa é a idea que alicerza ‘Hai quen escolle os camiños máis longos’ (Positivas), o novo poemario de Paula Carballeira. Unha proposta moi diferente dos seus anteriores libros de poemas, ‘Contratràs’ e ‘Contratràs II-I’. Aínda que os una o estilo e algunha conexión temática, coma a reivindicación do dereito de cadaquén a procura o seu propio camiño na vida. En liberdade. Falamos con Paula desta faceta dela, a de poeta, se cadra non tan coñecida como a de contacontos ou autora de narrativa.

‘Hai quen escolle os camiños máis longos’ revisa contos clásicos universais. Ou non sei se chamarlles tradicionais... Non es a primeira persoa que fai isto pero, como xorde este libro?

Pois a verdade é que a primeira idea que xurdiu foi a do bosque. E si, podemos chamarlles contos tradicionais porque son contos da tradición indoeuropea. Son tradición no sentido de que son transmitidos tradicionalmente por distintas culturas. Non son só contos europeos. Están baseados en estereotipos, personaxes que simbolizan unha serie de aspectos: a nena que se perde no bosque, a nena que queda durmida moitos anos, a que se refuxia no bosque... Os mesmos estereotipos repítense en moitos lugares.

O que eu quixen foi partir do punto de vista do personaxe, e non da voz narradora, que é a que nos conta normalmente os contos. E facer isto permíteme reflexionar sobre unha serie de cuestións, coma os papeis femininos nos contos. Trátase, así, de darlle voz no conto aos personaxes aos que normalmente non escoitamos: a voz do lobo, a voz da bruxa...

O título do libro está explicado ao principio: os nenos e nenas prefiren o camiño longo, e non o curto, o atallo que buscan os adultos para non “perder o tempo”. Ao final do libro tamén se di que o camiño longo implica, ás veces, perigos. Pero tamén liberdade. Vida, supoño. Que ten que ver todo isto coa idea do bosque?

A idea do bosque é, entre outras cousas, unha maneira de reivindicar a liberdade de escoller. Dinnos que se vamos por certos sitios estamos a meternos no perigo, e o que eu reivindico é a liberdade de escoller, de dispoñer do noso espazo, do noso tempo... Ademais, o bosque representa tamén os lugares aos que non prestamos moita atención ata que, por exemplo, se incendian. O bosque pode representar moitas cousas: o perigo, pero tamén o refuxio, a propia natureza...

Despois, en cada parte do libro, o bosque simboliza algo distinto. En 'O da nena coa carapuchiña vermella' o bosque é o camiño, e o que lle importa á nena é o camiño e non tanto chegar ao seu destino. En 'O da nena de pel branca coma a neve' (Brancaleves) o bosque é refuxio, e en 'O da nena que durmiu 100 anos' é protección. En 'O da nena que atopou a bruxa da casa de chocolate' (Hänsel e Gretel) o bosque é a casa da bruxa. E neste libro teñen bastante presenza as bruxas, mulleres conectadas coa natureza, co pasado e coa sabedoría...

A túa carapuchiña vermella enreda no bosque, a súa nai queda sen identidade ao coidala a ela e a avoa decide vivir no bosque, aínda que estea mal visto. Podemos explicar estas "personaxes"?

O da carapuchiña é un dos personaxes cunha simboloxía máis forte. A carapuchiña é unha nena que se entretén polo bosque, que aproveita o camiño. Co da nai o que quería era cuestionar o papel da nai, porque ás veces parece que ao ser nai tes que desaparecer como o que eras. Entón, que foi de ti, da túa identidade?

A avoa é unha muller que escolle vivir no bosque. No conto tradicional é comida polo lobo porque está soa no bosque, e o que eu reivindico, como dicía, é a liberdade de escoller. Porque unha muller maior pode preferir quedar na súa casa soa que ir vivir a unha residencia. E non por iso temos que dicir que ten que ser comida, por expoñerse ao perigo. Se un home escolle vivir só igual se di que é un rosmón, un ermitán... pero non se o xulga igual que a unha muller. En xeral, isto é o que fai o poemario: achegar reflexións sobre os papeis das persoas na sociedade desde o punto de vista desas persoas. Porque depende de quen conte, do punto de vista, que o conto se entenda dunha maneira ou de outra.

E o lobo? Que espreita, quere sentir o medo da nena... En realidade, o conto da carapuchiña está relacionado co terror sexual: inculcarlle á nena o medo ao violador, o acosador...

O que pasa é que o lobo, en realidade, é un animal que ten fame. A imaxe de grande depredador poñémoslla nós, os humanos. O lobo podía representar un perigo grande antes, porque comía as ovellas, a riqueza do gandeiro. Pero agora xa nin iso, porque cada vez hai menos lobos. A idea que temos do lobo como depredador é unha proxección dun medo humano, dunha perspectiva humana. O lobo é cazador porque ten fame, e a fame é iso, fame. Somos nós os que proxectamos nel todo o demais.

Na parte de Brancaneves, a nena desconfía do espello, a madrasta ten que agochar quen é e o príncipe é un pouco torturador. Nada do perfecto príncipe azul.

En realidade eu non cambio nada: eu respecto a estrutura dos contos tradicionais. O que pasa é que, como di o propio poema, hai que ler o conto ata o final. E nunha das versións deste conto o príncipe obriga a madrasta a calzar uns zapatos de ferro quente. Non o invento eu. Dos contos hai moitas versións e, claro, houbo un tempo no que os finais se cambiaron para poder contar que ao final os personaxes casaban, eran felices e comían perdices...

Brancaneves é, en realidade, un conto sobre a envexa. A envexa da muller maior que sente envexa da rapaza que é nova, e que ve coma unha rival. O papel da madrasta está relacionado co da bruxa: a muller sabia que ten poder para falar co espello. Pero o espello, en realidade, tamén é unha proxección nosa. O espello só reflicte o que ten diante. Somos nós os que nos poñemos diante del e proxectamos nel o que queremos ver. A madrasta é quen de enfrontarse ao espello, de mirarse nel, pero cunhas consecuencias fatais para Brancaneves.

Para Brancaneves, o bosque é un refuxio, pero nel acaba sendo a serventa de sete ananos, polo que chega un momento en que ten que volver e ser ela mesma. Sen depender de ninguén: nin dos ananos, nin do príncipe... E, da mesma maneira que a crueldade da madrasta non está xustificada pola súa frustración, tampouco o está a crueldade do príncipe, que castiga a madrasta como el decide, sen saber o que aconteceu. E iso é tamén unha crítica a ese tipo de xustiza cruel que decide sen saber...

Saíu xa varias veces a figura da bruxa. Dicias que eran mulleres conectadas cunha sabedoría que viña do pasado...

Si. No conto de Hänsel e Gretel está relacionada co tema da fame. Que é fame de xustiza e de comida. A bruxa é unha muller que ten fame. Coma o lobo. Os pais de Hänsel e Gretel abandonan os fillos no bosque porque non teñen que darlles de comer. Os nenos atopan a bruxa e máтана porque pensan que ela os vai matar. Ela o que fixera fora pechar a Hänsel nunha gaiola e poñer a Gretel a traballar para ela. Pero eles non saben que vai facer con eles. Mais si, a bruxa é unha muller que ten un coñecemento que os demais esqueceron ou relegaron. E que procede de vivir en contacto coa natureza.

No conto da Bela durminte, ela prefire durmir que estar esperta nun mundo no que todo lle está prohibido. E o príncipe renuncia a combater. Por que?

Aí é fácil ver o que lle pasa á nena: a presión do canon de beleza, as prohibicións... E aí aparece a fada, que é á vez maldición e bendición, porque ela prefire durmir que non ser dona da súa vida. Neste conto o que pasa non é que o príncipe escoite falar da historia da princesa e decida ir rescatala, como é habitual nos contos tradicionais. O que acontece é que está no bosque e entra nun lugar estraño, perigoso... Atopa a princesa e queda sobrecolido pola súa historia: 100 anos durmida. Mais, se ela decidiu durmir, que debe facer el? El renuncia a combater, non pode comprender aquilo.

Este libro é diferente dos teus outros libros de poesía: ‘Contatràs’ e ‘Contratàs II-I’. Pero o estilo é o mesmo: moi, moi, sinxelo. Linguaxe moi directa, pouca metáfora, versos moi curtos...

Cando escribo poesía gústame crear imaxes, igual que cando conto. O que tento é escribir a palabra esencial para lograr a evocación, e a partir de aí que sexa o lector o que constrúa as metáforas. Eu quero darlle espazo a quen le. Ademais, penso os versos como se fosen para ser lidos en voz alta. Por iso teñen un sentido do ritmo moi percutivo, porque están pensados como para seren recitados. De todas maneiras, ‘Contatràs’ estaba pensado para que puidesen entendelo nenos e nenas de todas as idades, mais penso que ‘Hai quen escolle os camiños máis longos’ non é tan axeitado para todas as idades. Se cadra pode resultar máis complicado para nenos e nenas moi pequenos.

Algunha conexión hai entre ‘Contatràs’ e ‘Hai quen escolle os camiños máis longos’. Por exemplo, en ‘Contatràs’ están as historias de Paulo e de Ánxeles que, coma as personaxes de

‘Hai quen escolle os camiños máis longos’, o que queren é seren libres, escoller o seu propio camiño. Coma Carapuchiña.

É verdade que hai temas que están comigo hai moito tempo e que seguen aí. Hai temas que son moi importantes para min, que valoro moito, e un deles é iso, o dereito a escoller o propio camiño na vida. É unha idea que está tamén en ‘Nunca mascotas’, outro libro meu que fala do que comentabamos antes: o dereito dos animais de ser como son, que os humanos estamos sempre a interferir, porque non respectamos a súa natureza. Como pasa co lobo.

En ‘Contatràs’ tamén está presente, coma en ‘Hai quen escolle os camiños máis longos’, o conto doutros países e continentes. Non é só Europa.

Si, pero dunha maneira distinta. Niso si que hai unha evolución. Cando conto, ou cando escribín ‘Contatràs’, partía da tradición de contos de diferentes partes do mundo para chegar á miña contorna. Agora o que fago é ao revés. Por iso o bosque de ‘Hai quen escolle os camiños máis longos’ é un bosque galego. Parto da miña contorna para chegar ao mundo.

Vés de gañar por terceira vez o premio Manuel María de literatura dramática infantil. Co texto ‘Somos os monstros’. Podes contarnos algo del?

Pois ten que ver con todo o que levamos falado nesta entrevista de como proxectamos nos demais o que nós mesmos somos. Son un neno e unha nena que se perde no que antes era bosque e agora son cinsas. E teñen medo porque se di que alí hai monstros. Pero a reflexión que se propón é, que son os monstros? Porque o monstro é unha creación humana. Unha criatura que o humano imaxina e marxina, afasta. Como é un texto feito para representar, ten moito xogo, xogos de palabras, algo tamén de poesía...